

CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN
CELEBRADA O 28 DE NOVEMBRO DE 2019.**

ASISTENTES:

PRESIDENTA:

María Inés Monteagudo Romero (PP)

CONCELLEIROS/AS:

D. José Vázquez Rama (PP)

D^a María del Carmen González García (PP)

D. Juan Manuel Martínez Martínez (PP)

D^a Caridad González Cerviño (PSOE)

D^a María Del Rosario Fernández Piñeiro (PSOE)

D. Sandra Maneiro Pais (PSOE)

D. Ramón Lago Tajés (PSOE)

D^a María Xosé Alfonso Torres (CxG)

D. Jose Antonio Uhía Martínez (CxG)

D^a María Lago Lestón (BNG)

D^a Paula Simal Mayo (BNG)

Non asiste don José Manuel Quintela Fernández (CxG)

SECRETARIA XERAL

D^a María Ofir Aboy García

No Salón de sesións da Casa Consistorial, sendo as vinte horas e trinta minutos, do día de referencia reúnen en primeira convocatoria os Concelleiros citados anteriormente, ao obxecto de celebrar a sesión ordinaria do pleno da corporación, asistidos de min, a secretaria xeral do Concello quen certifica.


Comprobada pola Secretaría a existencia do quórum necesario, declárase pola Sra. Alcaldesa aberta a sesión, con arranxo ao seguinte orde do día:

ORDE DO DÍA

A Parte Dispositiva

Primeiro.- Aprobación da actas das sesións ordinarias de data 26/09/2019 e 30/10/2019 e da sesión extraordinaria de 21/10/2019

A señora alcaldesa, María Inés Monteagudo Romero procede a preguntar ós membros da corporación se teñen algunha observación que dicir respecto da actas que se presentan para a súa aprobación polo



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

pleno. Non habendo ningunha observación por parte de ningún membro da corporación, se aproban as actas anteriores de data 26/09/2019 e 30/10/2019 e da sesión extraordinaria de 21/10/2019 por unanimidade dos membros presentes da corporación, coas abstencións dos membros que non estiveron presentes por ausencia á sesión correspondente.

B Mocións de urxencia

Intervén a alcaldesa para dicir que primeiro ao presentarse por urxencia, se ten que votar a inclusión do punto como urxente e despois debater e votar a propia moción.

Primeiro.- Moción aceptación das condicións e prescricións establecidas no informe asinado o 18 de febreiro de 2018 polo ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente para o outorgamento da concesión no expediente DH V 15.42690.

Continúa a alcaldesa dicindo que se propón a inclusión na orde do día como urxente desta moción posto que houbo dous requirimentos o 21 de marzo e 6 de xuño deste ano no que daban un prazo de dez días para proceder a ese trámite que non se fixo e chamaron por teléfono para requirirnos esta aceptación porque senón procederían a archivar o expediente, e é un asunto que nos pode prexudicar bastante porque nos pode botar para atrás as obras de saneamento.

Intervén polo grupo municipal socialista dona Caridad González Cerviño para dicir que si lles parece urxente e lles parece inaudito que estiveran sen responder estes requirimentos porque despois dos problemas que hai no concello de Muros co saneamento unha vez que conseguimos que se fixeran as depuradoras non era de recibo ter este asunto sen respostar e en todo caso lle parece que se tiña que vir ó pleno que viñera canto antes.


Intervén polo grupo municipal CXG dona María Xosé Alfonso Torres que dí que sobre a urxencia non ten nada que comentar.

Intervén polo grupo municipal do BNG dona María Lago Lestón que dí que lle parece un tema que hai que afrontar pero non lles parece de proceder que se xa tivo entrada o documento en xuño que se lles enviara a documentación hoxe.

Contesta a señora alcaldesa para dicir que é verdade que houbo dous requirimentos, en marzo e xuño que estaban sen atender e que eles non tiveron ningunha indicación do grupo de goberno saínte nin sobre esta cuestión nin sobre ningunha outra e atópanse con temas que quedaron no caixón e que hai que resolvelos. É un trámite burocrático que se ten que aprobar. O que propoñen son as condicións que veñen establecidas pola normativa vixente e se trouxo en canto tiveron coñecemento de que estaba sen facer.

Se procede á votar á inclusión como urxente na orde do día:

É aprobada a inclusión como urxente por maioría absoluta do número legal dos membros da corporación, cos votos a favor do Grupo municipal popular e grupo municipal socialista e a abstención do grupo municipal de CXG e do BNG.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Incluída na orde do día a moción a alcaldesa procede a leer a moción que se presenta ao pleno da corporación que é do teor literal seguinte:

Primeiro. A aceptación das condicións e prescricións establecidas no informe asinado o 18 de febreiro de 2018 polo Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, que consta no expediente, para o outorgamento da concesión de ocupación de 802 metros cadrados de dominio público marítimo terrestre con destino á legalización de colector en Serres e de condución de vertido en Punta da Roxa do termo municipal de Muros.

Segundo. Notificar este acordo plenario á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta, e concretamente a Augas de Galicia, Subdirección Xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico, aos efectos de remisión de dita aceptación ao Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente para o outorgamento da concesión solicitada e continuar ca tramitación do expediente DH V 15.42690.


Intervén polo grupo municipal socialista dona Caridad González Cerviño que di que o seu grupo vai a votar a favor dado que hai un informe favorable.

Intervén polo grupo municipal de CXG dona María Xosé Alfonso Torres para dicir que ela quere preguntar qué supón este acordo para o concello por exemplo se se ten que ocupar do emisario en caso de averías ou problemas con él.

Intervén a alcaldesa dicindo que as condicións veñen na documentación que se mandou, o informe do ministerio é favorable pero se necesita que se acepten estes condicionantes. A concesión é por quince anos prorrogable outros quince e non teñen máis particularidades que as que veñen recollidas no propio regulamento no que veñen as condicións xerais e particulares e o que ven a dicir e que temos que deixar o dominio público marítimo terrestre para uso xeral, público e gratuito, que hai que garantir a servidume de tránsito, cumprir ca normativa de tramitación ambiental ou a que corresponda que xa se está cumprindo e non hai ningunha cuestión mais que as que veñen recollidas no informe que asina a ministra.

Volve a intervir polo grupo municipal de CXG dona María Xosé Alfonso Torres que di que nas condicións xerais, na número doce, di que terminado o prazo outorgado ou declarada a caducidade da concesión queda o concesionario a desmontar a súa costa e salvo resolución en contrario as instalacións existentes e a executar ademais as obras necesarias para que os bens de dominio público outorgados podan ser recibidos polo Ministerio de Agricultura Pesca e alimentación libres de toda ocupación e que este discrecionalmente poderá dispensar ao concesionario do levantamento de parte de tuberías que a súa permanencia non supoña perxuízo algún para os intereses xerais. Referíamos a este tipo de cousas.

Intervén de novo a alcaldesa para dicir que chegado o momento de que remate o prazo que será de aquí a trinta anos haberá que pedirilles esta dispensa de levantamento de tuberías.



CONCELLO DE MUROS (A Coruña)

Intervén polo grupo municipal do BNG dona María Lago Lestón que dí que non teñen moito mais que aportar, a documentación non chegou con tempo para poder estudiala a fondo e non se van a meter nun tema que non poideron estudar como merecía.

Intervén polo grupo municipal socialista dona Caridad González Cerviño que di que se está ante unha concesión administrativa e como tal ten un prazo e unha vez que remata revirte ó propietario e despois de que pasen os quince ou trinta anos o normal que vai a pasar é que se conceda outra vez polo mesmo prazo ou prazo superior, o emisorio e noso e o chan non o é. O que nos están a dicir é que nos dan a concesión cos requisitos das concesións e prazos normais a concesión se acaba e hai que estar pendentes da data de finalización e antes de que remate pedir un novo prazo.

Volve a intervir a alcaldesa para dicir que o expediente non ten ningunha complicación é un trámite burocrático que nos esixen para outorgar a concesión xa que ten que ir aprobado polo pleno a aceptación destas condicións que como xa dixo son as que recolle o regulamento, non hai ningunha específica que poda afectar ao concello e pide o voto a favor porque cree que pode condicionar os permisos que se están solicitando a Costas para obras hidráulicas que afectan a toda a marxe do río Valdexería e que lle pode facilitar estes permisos o ter este asunto regularizado.

Rematadas as intervencións, o pleno da corporación por maioría absoluta do número legal dos membros da corporación, cos votos a favor do grupo municipal popular e grupo municipal socialista e a abstención do grupo municipal de CXG e grupo municipal do BNG adopta os seguintes acordos:

Primeiro. A aceptación das condicións e prescricións establecidas no informe asinado o 18 de febreiro de 2018 polo Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, que consta no expediente, para o outorgamento da concesión de ocupación de 802 metros cadrados de dominio público marítimo terrestre con destino á legalización de colector en Serres e de conducción de vertido en Punta da Roxa do termo municipal de Muros.

Segundo. Notificar este acordo plenario á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta, e concretamente a Augas de Galicia, Subdirección Xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico, aos efectos de remisión de dita aceptación ao Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente para o outorgamento da concesión solicitada e continuar ca tramitación do expediente DH V 15.42690.

Segundo. Moción aprobación proxecto modificado da obra "ampliación sup vestiarios accesos e evacuación das instalacións do campo de fútbol Eleuterio Balayo" incluída no POS 2018 da Deputación da Coruña.

Intervén a señora alcaldesa para dicir que se trae unha nova moción de urxencia para dicir que as voceiras son coñecedoras da problemática que se deu co proxecto dos vestiarios do campo de Eleuterio Balayo a urxencia ven determinada polo feito de que o proxecto xa se sacou dúas veces a licitación e as dúas veces quedou deserto porque non daban os números. Pedímoslle ao técnico que elaborou o proxecto que o fixera viable e como podedes ver na documentación o proxecto entregáronlo hoxe e en canto o tivemos o trouxemos ao pleno. E a razón polo que traen hoxe ao pleno



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

é porque demoralalo suporía que se vai a xuntar ca tramitación na deputación do POS deste exercicio e pode retrasarse moitísimo a aprobación por parte da deputación desta modificación.

Pregunta a alcaldesa se existe algunha intervención sobre a urxencia.

Intervén polo grupo municipal socialista dona Caridad González Cerviño para dicir que lle parece urxentísimo, que se está a falar dos vestiarios do campo de fútbol de Muros que están en condicións bastante lamentables e canto antes se poda facer esa obra mellor

Intervén polo grupo municipal CXG dona María Xosé Alfonso Torres para dicir que non ten nada que dicir sobre a urxencia.

Intervén polo grupo municipal do BNG dona María Lago Lestón para dicir que están dacordo en que o campo de fútbol está nun estado lamentable pero temos un pleno extraordinario en decembro e esta documentación que se nos achegou precisa unha revisión a fondo porque hai un cambio no proxecto, chegounos a documentación ás tres da tarde e non puideron miralo todo.

Intervén a alcaldesa para dicir que a eles tamén lle chegou a documentación case as tres.

Se procede á votar á inclusión como urxente na orde do día:


É aprobada a inclusión como urxente por maioría absoluta do número legal dos membros da corporación, cos votos a favor do Grupo municipal popular, grupo municipal socialista e grupo municipal de CXG e a abstención do grupo municipal do BNG.

Intervén a señora alcaldesa para dar lectura a proposta que se trae ao pleno da coporación que é do teor literal seguinte:

Primeiro. Aprobar o proxecto modificado da citada obra redactado polo arquitecto Cesar Viana Ferreiro, de data 28 de novembro de 2019, cun orzamento de execución de 59.998,50€, IVE incluído, denominado “Ampliación da sup. vestiarios campo de fútbol Eleuterio Balayo”, de acordo coa seguinte financiación,

ACHEGA PROVINCIAL 2018	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Ampliación da sup. vestiarios campo de fútbol Eleuterio Balayo	44.998,50	15.000,00	59.998,50

Segundo. Solicitar a deputación de A Coruña a aprobación da modificación do proxecto de obra denominado “Ampliación da sup. Vestiarios, accesos e evacuación das instalacións do campo de fútbol Eleuterio Balayo”




CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Terceiro. Solicitar a deputación de A Coruña a autorización para proceder a licitación da obra “Ampliación da sup. vestiarios campo de fútbol Eleuterio Balayo” financiada en parte, con cargo ao POS+2018

Continúa a señora alcaldesa dicindo que o día 22 de novembro declarouse deserta a segunda da licitación e pedímoslle ao redactor do proxecto que modificara o proxecto para facelo viable porque os prezos non se correspondían cos do mercado. A modificación consiste en facer todas a estrutura e dotar so a unha parte da estrutura de saneamento, duchas e bancos e o resto de módulos quedarían inicialmente como almacén para servizo do campo e esperamos poder rematarlo canto antes. O proxecto revisouse por parte dos servizos técnicos do concello porque queríamos traelo con certa garantía de que foxe viable sacalo para que non volva a quedar deserto o que lle parecería bastante lamentable e demoralo ao pleno de decembro suporía que iría detrás das obras do POS e ao mellor se demora a aprobación máis dun ano.

Intervén polo grupo municipal socialista dona Caridad González Cerviño para dicir que eles entenden que despois de revisar os técnicos do concello se lle ve visibilidade a ese proxecto, que eles non son técnicos e non entenden de proxectos e menos con pouco tempo pero tamén entende que a obra que en principio se ía a facer non se vai a facer, e dicir que a obra vai a quedar moi mermada, houbo que manter os números e manter a obra, iso quere dicir o que eles pensaban que cando a señora anterior alcaldesa, señora Alfonso Torres contou aquí as súas mentiras unha delas era esta, o día da reunión de voceiros cando lle preguntamos quen era o técnico, que non o coñecemos e non ten nada en contra ni moito menos, pero entendemos que un proxecto vale para executar non para outra cousa e se non se licita e que algún problema. Era un proxecto ambicioso e votamos a favor porque se pensou que era a obra que se ía a facer e polo tanto mentiu a anterior alcaldesa e cada día vai a sair máis a luz as súas mentiras e nos dí na reunión de voceiros que ela non coñecía ao técnico que era un rapaz que o vía por Esteiro e chamouno para facer o proxecto. Non dí que non sepa facer un proxecto pero que non valeu o proxecto é evidente porque se sacou dúas veces a licitación e iso e por desidia e mal facer. Quería facer ver á galería que ela esta a facer un montón de cousas e atópanse con que estamos a piques sen quedarnos coa subvención do POS. O proxecto non se adapta á realidade e cree que non é o único que hai así de ese técnico e que o pagan os muradanos e agora se ten que aprobar unha modificación de proxecto senón se quere perder os cartos e o que se perde é unha parte importante de obra nos vestiarios cando se podería facer uns vestiarios moi decentes, di que ela desviou os cartos para onde lle pareceu ben, o saco de aquí, aínda que o poña no proxecto, creen que vou a facer esa obra, e o meto noutro lado, e foi o que fixo, con eses cartos trouxo un proxecto para aprobar no pleno, e eles creeron no proxecto e despois de todas as trabas e garantías que intentamos poñer, a señora alcaldesa distribuiu os cartos dunha determinada maneira que era ficticia porque se non hai ningunha empresa que sexa capaz de executar ese proxecto, ese proxecto está mal feito, se pregunta onde están as garantías e preocupación que tivo esa señora de que os proxectos foran válidos, di que en ningún lado e por encima entre as facturas que deixou sen pagar, ese proxecto pagouse, antes di que coidouse de pagarllo porque era unha persoa da súa confianza, senón como é que esta señora contrata este proxecto que non vale para executar, lle paga e o trae ao pleno, quere que llo explique. Di que non deberían porque eles estaban a ver a obra doutra maneira pero o que non quere o grupo socialista e perdelo todo e di que van a facer de tripas corazón e van a votar a favor de ese proxecto para que polo menos se



CONCELLO DE MUROS (A Coruña)

faga algo e queremos entender e que quede ven reflexado na acta que non se lle vai a pagar un suplemento a este señor por arranxar unha desfeita, esperan que non se atreva a pasar unha nova conta. E repite que un proxecto que non vale para executar non vale para nada.


Intervén polo grupo municipal CXG dona María Xosé Alfonso Torres para dicir que non vai a entrar a rebater as chabacanerías da voceira do grupo municipal socialista, indica que como xa dixo a alcaldesa habería que gravar as xuntas de voceiros e lle gustaría que se fixera. Di que o proxecto chegou hoxe sobre as tres da tarde, o informe tamén e de hoxe e no pouquiño tempo que puideron mirar a documentación porque o proxecto é imposible pregunta á alcaldesa se o revisaron os técnicos do concello

Intervén a señora alcaldesa responde que si, e que se queren ver as diferencias que existen van basicamente no presuposto da estrutura que estaba en cerca de 12.000 euros e que era un prezo fora de mercado e consultaron cando valía facer esas estruturas, quen as podía facer, cómo se podían facer estaba fora de prezo de mercado e por iso quedou deserto. Di que a verdade e que eles tamén confiaron no seu día no proxecto que se presentou porque como dicía a voceira do grupo socialista non son técnicos e nos atopamos con estas cuestións

Continua a súa intervención a voceira do grupo municipal CXG, María Xosé Alfonso Torres para dicir que eles contrataron a este técnico como contrataron a outros para apoiar ás tarefas de urbanismo, facendo proxectos, non é unha persoa que lle pagaran aparte do proxecto por vir aquí dous días á semana como se facía noutros tempos, se limitaron a pagar o traballo que se facía e era un proxecto que estaba asinado por unha persoa cualificada e que como en calquera outra nos fiamos. O proxecto ademais estaba mirado por varios técnicos porque el consultaba con persoal técnico do concello igual que seguramente fixo nesta ocasión porque se chegou hoxe as tres da tarde é imposible que o revisaran os técnicos antes polo tempo e que agarda que coa modificación sirva e con respecto ao resto dúbido moito cunha persoa técnica cualificada asine un proxecto que non se pode executar outra cousa é que as empresas lle pareza que a marxe de ganancia non era sustanciosa e prefiran optar a outras obras pero insiste que é un proxecto asinado por un técnico que non e sospeitoso e que non se vai con el de copas como din por ahí e cree que é un técnico recoñecido que ten boa fama e boa sona e non é sospeitoso e agarda que coa modificación vaia adiante e non teña máis problemas

Intervén polo grupo municipal do BNG dona María Lago Lestón para dicir que como seguen uns e outros insistindo que se fixo apresa porque comprobamos que no último decreto que se nos envía e precisamente no que se lle pide a modificación, as veces é mellor que as cousas tarden un pouquiño mais e se faga ben que se faga unha chambonada cos vestiarios porque pagar se van a pagar. Eles prefiren que se modifique o proxecto ben e non simplemente se tache unha parte para que así chegue polo que podemos intuír pola documentación é iso, prefiren que se faga ben que o faga ese técnico pero que se faga en condicións porque corre o risco de que volva a pasar o mesmo e que volva a quedar deserta.

Intervén a señora alcaldesa dona María Inés Montegudo Romero para dicir que a intención de traer esta modificación hoxe é por un lado dar cumprimento ao que acordamos nesa xunta de voceiros na que todos dixeron que se fixera todo o posible para non perder a subvención senón fora na súa



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

totalidade nas mellores condicións posibles e pretenden dar cumprimento a ese acordo e o tema dos vestiarios se poida resolver canto antes é e unha obra que se ten que facer necesariamente antes da mellora do campo de fútbol e por iso tamén se trae a este pleno.

Pregunta a alcaldesa se alguén quere facer unha segunda intervención

Intervén polo grupo municipal socialista dona Caridad González Cerviño que di que é insólito escoitar a voceira do grupo municipal de CxG que está dicindo que non se fía do que din os demais. Di que ela está acostumada a mentir e cree que todo o mundo minte e acaba de mentir outra vez porque acaba de dicir que a ela lle gustaría que se gravaran as xuntas de voceiros cando ela dixo alí que o coñecía de pasar por Esteiro. Di que o motivo de que non se licitara non é por culpa das empresas que se dedicaron a facer outro tipo de traballos, non, non se licitou porque por desgracia tanto as empresas do concello e da contorna teñen falta de traballo e máis no inverno e non entende en que cabeza pode caber que non queren executar un proxecto duns vestiarios para ganar cartos o que si cabe e facer un proxecto no que se vai a perder cartos e ese é o problema dese proxecto. Tamén dí que ese señor consultou cos técnicos de aquí e di que se arrisca a dicir que se o consultara cos técnicos isto non chegaba o pleno así. Os técnicos de aquí teñen a suficiente experiencia para saber canto vale unha estrutura e ela non recorda ningún proxecto deles que quedara deserto e foi sete anos alcaldesa e en espera que este sexa o último. Di que saíuse ca súa e que meteu os cartos de esta obra noutra, e para esta non ían porque non se podía facer e logo protesta porque o partido socialista tivo unha oficina urbanística de sacarlle o sombrero. Saían as licenzas como churros, sacamos o problema dun derrube dun edificio en Esteiro e quedou todo enriba da mesa, e eses técnicos si eran de recoñecido prestixio e conseguimos moitas cousas que están ahí para ver, entre elas gañar liña de costas e ela o que fixo foi contratar a uns amigos, pagar uns proxectos e que non se podan licitar e iso dí que é o que fixo a señora ex alcaldesa e por encima atreveuse a dicir que non se fía do que está a dicir a actual alcaldesa porque a ela non se lle cree nin o nome nin eles nin o BNG nin compromiso por Galicia porque a botan de todos os lados por falsa e mentireira e non se lle ocorre outra cousa que insultar a xente que ten enfrente. Lle dí que era mellor se tivera un pouco de vergoña que se fora para casa pero di que como ten unha cara como a suela dun zapato e non lle importa o futuro do pobo de Muros segue sentada ahí. Di que eles van a votar esta modificación porque creen que foi revisado polos técnicos do concello e ese proxecto vai a saír para diante e queremos que saia a diante polo menos se non é toda a obra polo menos parte, pero están moi interesados en que se inverta todo o que se poda no campo de fútbol de Muros.

Intervén polo grupo municipal de CXG dona María Xosé Alfonso Torres para dicir que nesta segunda intervención so comentar que preguntaba se o miraran os técnicos do concello porque que chegara o luns un borrador non o sabía porque non o comentaron e no tempo que eu vin, esta persoa soe comentar os proxectos que fan co persoal municipal por iso preguntaba se lle dera tempo.

Intervén polo grupo municipal do BNG dona María Lago Lestón que di que lle gustaría dicirlle ao grupo municipal socialista que o BNG ten boca para falar por si mesmo e non ten que dicir nada de a quen apoian e a quen non. O seu grupo ten voz para falar por si mesmo. Contesta a señora González Cerviño que fala da historia o que lle replica que da historia do BNG fala o BNG non fai falta que fale o partido socialista



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Rematadas as intervencións, o pleno da corporación por maioría absoluta do número legal dos membros da corporación, cos votos a favor do grupo municipal popular, grupo municipal socialista e grupo municipal de CXG e a abstención do grupo municipal do BNG adoptan os seguintes acordos:

Primeiro. Aprobar o proxecto modificado da citada obra redactado polo arquitecto Cesar Viana Ferreiro, de data 28 de novembro de 2019, cun orzamento de execución de 59.998,50€, IVE incluído, denominado “Ampliación da sup. vestiarios campo de fútbol Eleuterio Balayo”, de acordo coa seguinte financiación,

ACHEGA PROVINCIAL 2018 Denominación da obra ou subministración	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Ampliación da sup. vestiarios campo de fútbol Eleuterio Balayo	44.998,50	15.000,00	59.998,50


Segundo. Solicitar a deputación de A Coruña a aprobación da modificación do proxecto de obra denominado “Ampliación da sup. Vestiarios, accesos e evacuación das instalacións do campo de fútbol Eleuterio Balayo”

Terceiro. Solicitar a deputación de A Coruña a autorización para proceder a licitación da obra “Ampliación da sup. vestiarios campo de fútbol Eleuterio Balayo” financiada en parte, con cargo ao POS+2018

C Parte de control dos órganos de goberno e fiscalización da xestión dos órganos municipais de Goberno

6 Dar conta das resolucións da Alcaldía núm.1433 ata 1571 e das Xuntas de Goberno Local do 25 de outubro e 8 de novembro 2019.

Intervén a señora alcaldesa María Inés Monteagudo Romero para dicir que se da conta das resolucións da alcaldía dende a resolución 1433 ata a 1571 e das Xuntas de Goberno Local de 25 de outubro e 8 de novembro de 2019 e quere facer un inciso para dar conta tamén das actividades que se teñen programadas para este mes de decembro, para o nadal, que pretenden animar as rúas e comercios do concello e inclúen actividades todos os fins de semana ata o día de reis o 6 de xaneiro. Se iniciarán o 6 de decembro con pasa rúas e o acendido das luces de nadal, se sobreviven os temporais, o día 7 hai un taller no mercado de nanoterapia e un obradoiro de adornos navideños. O fin de semana hai o venres 13 un mercadillo solidario ao que convida a todos a participar e a comprar os produtos alí elaborados; hai un concerto de nadal da escola de música e teatro no auditorio. O sábado 14 hai un taller de agasallos na pista da xesta, un obradoiro de coroas no mercado e teatro á notitiña. O xoves 19 hai un concerto da escola de música na capela de San Xosé, o venres 20 unhas xornadas deportivas na piscina municipal cunha exhibición de natación sincronizada, un taller de cociña no mercado, o sábado 21 un taller de decoración de galletas no mercado e panxoliñas na rúa e tamén un taller de agasallos na pista e de cociña no mercado. O venres 27 temos un torneo de padel, se o tempo no lo permite, hai tamén monicreques no mercado, o sábado 28 panxoliñas na rúa , continúa o torneo de padel e hai teatro para



CONCELLO DE MUROS (A Coruña)

nenos no auditorio. O venres 3 temos un contacontos no mercado, o 4 un obradoiro de cantos de reis e o domingo 5 o carteiro real na pista e a tradicional cabalgata de reis.


7 Rogos e preguntas

Intervén a alcaldesa para dicir que primeiro vai a contestar ás preguntas do pleno de outubro

A voceira do grupo socialista preguntaba polos proxectos realizados polo señor Viana Ferreiro, fixo tres proxectos no ano 2017 polos que se abonaron un total de 8.526,81 euros e no ano 2018 presentou unha factura por importe de 8.926,75 euros pola dirección da obra do Cine París.

Tamén fixo varios rogos que foron atendidos algún deles na medida do posible, outros trataran de levalos a cabo.

A voceira do grupo do BNG preguntaba se cando se devolve un can ao dono se se comproba se está chipeado e lle di a policía e que si, que se comproba sempre, tamén se fixeramos algún avance no punto da atención á infancia ou na gardería di que fixeron varias xestións para que se mantivera o servizo na gardería de Serres e para que os usuarios puideran optar o bono concilia que financia dito servizo, de momento hai un servizo operativo cunha financiación pública e non descarta poñer en funcionamento un servizo de gardería de carácter público. Preguntaba tamén pola solicitude de información da asociación de veciños “ A ostreira” se tiñamos constancia de esa solicitude de información, di que por suposto que si, tómolle a palabra para dicir que cree que vostede non está aquí como voceira da asociación dos veciños senón do BNG e a propia asociación se pode informar desas cuestións. Preguntaba tamén polo cambio de nome do camiño de pardal en Baño, non no valoraron pero se podía preguntar aos veciños si estarían de acordo co cambio de denominación do camiño. Preguntaba se tiñamos pensado adoptar algunha medida para evitar que as polas das árbores de Baño medren e di que de momento queda fora do seu alcance impedir que medren as polas das árbores o que si fixeron foi podalas. Preguntaba tamén sobre o informe da Consellería do Mar sobre Mariscos Antón, a Consellería contestounos á solicitude dicindo que dado que eles fixeran un informe para Costas lle trasladaban a solicitude a Costas que é o organismo que tramita a autorización e Costas enviaron o informe a finais da semana pasada e está a súa disposición na Secretaría para cando queiran. Preguntaba tamén sobre se miramos por un terreo para o poste de televisión en Torea e Tal di que non miraron por un terreo o que si fixeron foi falar con Amtega porque eles teñen que colocar un poste para outras actividades ou actuacións que van a facer e valoraron con eles a posibilidade de utilizar ese mesmo poste e poder colocar ahí un repetidor, en principio non hai ningún problema para que unha vez ese poste estea instalado se coloque ese repetidor para os veciños e tamén temos pedida unha cita con Retegal para tratar de buscar unha solución se pode ser mais rápida que esa, facelo. Pedía tamén se estaban publicadas as listas de admitidos e excluídos no obradoiro de emprego, si, se publicaron no seu día, e cree que lle facilitaron unha copia tal e como o solicitou. Preguntaba pola fibra en Torea e en Abelleira e lle pode dicir que na convocatoria do programa de extensión de banda larga de nova xeración do goberno do estado correspondente a este ano 2019, telefónica recibiu unha subvención para despregar fibra óptica antes do remate do 2021 nos núcleos de Pazo, Priegue, A Rateira, O Vilar, Reboredo, Riomaior, A Silvosa, Lestón de Abaixo, Lestón de Arriba, Cruceiro, Bornalle, Abelleira, Vistabós, Torea, Xan Xián , Pando, Cornes, Amira, O Castelo, Burleo, Serres de Arriba, Muiño do



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Vento, Alivía, Taxes, Trasadacosta e Trión a estes núcleos haberá que sumar os que se van a cubrir por R cable telefónica antes do remate deste ano 2020 que ven que son Muros, A Virxe do Camiño, Acea, Creo, A Pendente, Solleiros, Louro, San Francisco, Campo de Cortes, Miraflores, Vaternado, Baño, Boavista, Portugalete, Serres, Tal de arriba, Tal de abaixo, O Maio, Uhía, A Retorta e Valdixería.

Tamén preguntou se fixeramos algo sobre o cambio de poste de Ventín e lle di que están preparando unha solicitude de cambio de ubicación para xestionalo ca empresa responsable.

A voceira de Compromiso por Galicia non fixo preguntas no pleno pasado porque non estivo.


Continúa a alcaldesa di que antes de que se fagan as preguntas deste pleno, hai unhas que se presentaron por escrito.

A señora Lago presentou o 15 de novembro un escrito con preguntas para contestar neste pleno e lle agradece a consideración que tivo para presentalas cun prazo razoable para que se lle poda contestar aínda que estas preguntas non son para este goberno porque van dirixidas todas á Xunta de Galicia e de todos os xeitos as transmitiron e lle vai a pasar a información que lle facilitaron.

Preguntaba se tralo caso de intoxicación alimentaria na Galiña Azul de Esteiro se abriu algunha vía de investigación dende a Xunta de Galicia en relación a este episodio, de ser así, que solucións se teñen acadado, se a Xunta de Galicia tomou medidas para evitar problemas alimentarios futuros e se hai aberto algún proceso sancionador cara a empresa concesionaria do servizo de comidas. Contesta que como pode comprender ningunha delas é competencia deste concello nin deste goberno, o que nos contestan: En primeiro lugar matizar que non é unha intoxicación alimentaria o que houbo senón un episodio ou reacción alérxica de carácter leve, que en calquera caso dende a Xunta de Galicia consideran intolerable e inadmisibile abrirse unha investigación que segue aberta e que polo momento non hai conclusións definitivas, tomáronse medidas con carácter inmediato como a descentralización da subministración dos produtos que deixaron de estar subministrados por provedores centralizados e pasan a comprarse en establecementos de proximidade de cada escola, garantindo que todos os provedores contan con todos os permisos e autorizacións necesarias. Esta medida afecta non só ás escolas nas que se rexistrou algunha desas reaccións senón a todas. En canto se se abriu algún proceso sancionador farase se procede cando peche a investigación. Estase a levar a cabo tanto pola Consellería de Política social como a de Sanidade e o Consorcio de forma bastante exhaustiva.

A señora Alfonso presentou onte pola tarde unha serie de preguntas tamén para ser contestadas no pleno de hoxe. Preguntaba pola relación de facturas e gastos das Carrilanas 2019 e do Castelo Rock 2019 que asumiu o concello e se están realizados eses pagos. Nos dous casos os gastos que presentaron aquí foron gastos de cartelería e publicidade, algunhas actuacións que xa ían contra a Rede Cultural e outras que non, dos palcos ou dos premios, algunhas delas xa están pagadas.

Continua a señora alcaldesa cas preguntas por escrito do grupo municipal de compromiso por Galicia e le a mesma que é do teor literal seguinte:



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

O anterior goberno municipal solicitara en dúas ocasións ao arzobispado a posibilidade de dispoñer dunha parte da súa parcela colindante coa escola infantil de Tal para construír un parque infantil e dotar así ao alumnado da citada escola dun espazo no que poder xogar nos períodos de descanso da actividade lectiva. Á primeira solicitude o arzobispado contestou que non consideraba necesario ese parque. ¿Chegou ó concello a resposta a segunda solicitude? En caso afirmativo que respostou. ¿fixo o actual goberno municipal algunha xestión ao respecto? En caso afirmativo, cal e cando.

Responde a señora alcaldesa é que o que consta é unha solicitude do mes de abril de 2017 e unha resposta do arzobispado dicindo que non consideraba necesario esa cesión dese terreo. Eles si fixeron algunha xestión e accederon á cesión sen ningún problema.

No decreto da alcaldía número 1267 de data 25 de setembro de 2019 concédese unha licenza de venda ambulante no mercado dos venres en Muros, e pregunta en que rúa se ubica ese novo posto. Contesta a alcaldesa que é un posto que se chama Pan Millo de produtos de pan e está na rúa Real, xa que cerrou a panadería de Roxelia, e se puxo cerca.

Na resolución da alcaldía 1301 de data 30 de setembro mencionase o informe emitido pola intervención municipal número 256 con data 30 de novembro o cal ten que ser un erro, a data efectivamente é 30 de setembro.

A resolución da alcaldía 1333 apróbase entre outras unha factura emitida por un informe de características de rúa en Fontecomido, Louro, pregunta cal é o motivo da existencia deste informe, o motivo é que o concello é demandado nun pleito que teñen os propietarios dos terreos e o promotor da urbanización Fontecomido, e o concello é demandado pola parte que se incorporou como viais e houbo que facer un informe pericial sobre determinadas cuestións que pedía o xulgado e se fixo e se aportou ao xulgado.


Pregunta se hai algunha novidade sobre a obra realizada no Petón de Esteiro, contesta que seguimos á espera dos informes do rexistro que van con moitísimo retraso porque a rexistradora está de baixa.

No decreto da alcaldía número 1499 de data 10 de novembro concédese unha licenza de venda ambulante de mercados e pregunta en que rúa de Muros os martes e venres se ubica este novo posto, contesta que é un posto de bisutería que tamén se ubica na zona de arriba e se ve que non lle interesa a ubicación que ten en Esteiro.

No pleno ordinario de outubro informou que as obras do cine París empezarán a finais de febreiro, esta obra foi adjudicada o 1 de outubro, cal é a razón de que non comece antes, contesta que foi un lapsus de ela e o que quería dicir é finais de decembro.

Intervén polo grupo municipal socialista dona Caridad González Cerviño para dicir que comezan cun rogo para que cando se presente unha documentación que vai a vir o pleno como é este caso as preguntas, que se lle de traslado delas porque é obrigatorio dar traslado de todo o que vai a vir o pleno.

Fai outro rogo, os cadros que veñen na documentación a ver si poden ser mais grandes porque ela non ve nada.



CONCELLO DE MUROS (A Coruña)

Quere facer outro rogo, neste pleno acordouse por todos os grupos menos os votos do grupo socialista retirar os bolardos e os asientos da praza do mercado porque íbase a dinamizar esa praza e o único que se conseguiu foi que entren camiões de grande tonelaxe e que se rompan as pedras e eles puxeron eses bolardos para que o tránsito de vehículos non fora de gran tonelaxe, agora mesmo está valado aquilo porque volveron a romper as pedras, e o noso criterio para votar en contra de retiralos era precisamente ese, que acabáramos de inverter os veciños de Muros un capital ahi para poñer pedra no chan e agora e non se podía consentir que pasen polo que rogan que se volvan a poñer de novo eses bolardos.

Queren saber onde compra o gasoil en Muros, porque había ocasións que se compraba todo fora do concello e creen que os impostos dos veciños se deben inverter no concello no posible.

Pedirlle a señora secretaria se nos pode facer un informe cales son as consecuencias ou se é posible a ausencia continuada sen xustificar dun concelleiro como é o de compromiso por Galicia.

Intervén a voceira do grupo municipal Compromiso por Galicia, dona María Xosé Alfonso Torres para dicir que como se dixo na xunta de voceiros o POS non vai a incluír ningunha obra de saneamento e quería rogarlle que mire un plan de eliminación de vertidos que enviou o anterior goberno municipal a Augas de Galicia para actuacións que pode facer o concello con cargo a outras partidas, subvencións ou o que sexa porque é importante non só polas multas que recibe o concello por vertidos senón tamén pola importancia que ten marisqueira e pesqueira na nosa ría.

Continúa a señora Alfonso dicindo que nesa mesma Xunta de voceiros tamén lle comentara que lle tiñan trasladado o persoal de transporte adaptado que a furgoneta estaba dando moitos problemas de avirías polo paso do tempo e o uso que ten e o rogo é que se poña en contacto co persoal que usa a furgoneta co transporte adaptado para ver se é necesario cambiar esa furgoneta ou non porque é un servizo importante.


Por último ten unha pregunta se hai algún problema co pago das subvencións das bandeiras dos clubs de remo de Esteiro e Muros que parece ser que aínda non cobraron os seis mil euros de axuda do concello e están moi apurados e lles corre presa.

Intervén polo grupo municipal do BNG dona María Lago Lestón que primeiro quere dicir que sobre a pregunta sobre a intoxicación alimentaria a preguntamos con antelación porque sabíamos que a tiña que preguntar á Xunta e non dependía do Concello é que é unha intoxicación alimentaria non unha alerxia e lle digo o que di a propia Ecosan, non é o mesmo cando a produce o propio corpo que cando a tomas nun alimento e que os nenos pequenos son moito mais susceptibles porque son evidentemente mais pequenos cun adulto.

En canto á asociación de veciños xa nos contestaron eles que non se lle había contestado.

Teñen un par de preguntas.

O pasado mes de outubro a alcaldesa contestou a este grupo sobre o protocolo de recollida de animais e dixo que se estaba facendo sen convenio cunha empresa e esta pregunta foi motivada porque 15 días



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

antes se deu aviso dunha camada de cinco cachorros que apareceron entre o instituto Fontexería e as Insuas, temos constancia de que eses cans non foron recollidos por esa empresa, e a pregunta onde foron parar, se déronse en adopción, se recolleunos algunha outra empresa, déronse de forma irregular. Fala da lei de protección e benestar animal que aprobou o seu partido, ca maior parte de concellos e asociacións protectoras en contra, porque supoñen unha carga desmesurada para os concellos cando non hai medios, e que tivera en conta a alcaldesa isto. Tamén fala das colonias de gatos que todos saben os problemas que xeran no concello e esa Lei de protección e benestar animal tamén di que os concellos son os encargados de xestionalas e teñen que capturar os gatos, esterilizalos e volvelos a soltar evitando que proliferen as colonias e pregunta se o concello ten pensado controlar esas colonias.

Tamén di que as comisións de festas, as asociacións, os clubs de remo están sen cobrar, e pregunta se hai cartos para pagarlle e si se van a axilizar os trámites.

Continúa dicindo que teñen tamén varios rogos: No Xosé Luis Vara hai unha ventá rota dende que entraron a roubar e rogan que se repoña. Na maior parte do concello carecemos de papeleiras nas rúas e rogan que se coloquen sobre todo nas zonas de máis tránsito como pode ser beirarrúas, paseos e nos parques. No primeiro pleno ordinario desta corporación pedimos que se fixeran os trámites oportunos para colocación de espellos en distintos cruces e pregunta se se fixo algo neste sentido e en todo caso roga que se non se fixo que se faga. E o último no parque do Furón, no camiño que une o parque co camiño de arriba hai unha farola que leva fundida alí tranquilamente tres, catro anos, de todas as veces que se foi a arranxar distintas farolas esa quedou sempre sen arranxar e precisamente é unha zona de moi pouca visibilidade e de noite alí non se ve e é unha zona complicada porque hai escalóns e distintos desniveis e queren preguntar se hai algún motivo para que non se poña en funcionamento esa farola ao estar colocada na fachada dunha vivenda privada pero que se non existe impedimento piden que se arranxe dunha vez

Intervén a señora alcaldesa para dicir que toma nota dos seus rogos e as preguntas e se lle contestará no seguinte pleno ordinario.

E sen máis asuntos que tratar a Sra. Alcaldesa da por rematada a sesión, cando son as vinte e nove horas e vinte e nove minutos , de todo o que eu como secretaria dou fe.

A secretaria Xeral.

Documento asinado electrónicamente